

**MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día nove de xaneiro de dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:**

**7/16 PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LUGO. (EXP. REF. 36-2015) POR UN PERÍODO MÁXIMO DE UN MES E MEDIO COMPRENDIDO ENTRE O 18/11/2018 ATA O 30/01/2019.-**

Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Técnica de Administración Xeral adscrita ao Servizo de Contratación, do 4 de xaneiro de 2019 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“Examinado o expediente de referencia e vistos:

1º. - Acordo da Xunta de Goberno Local núm.12/831 na sesión ordinaria celebrada o día 9 de decembro de 2015, polo que aproba a CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LUGO. (EXP. REF. 36-2015) os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, o gasto de 155.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23182.22799 do vixente Orzamento Xeral de 2015 (RC: 80.500 e C.P: 15231.8202) así como o compromiso a habilitar crédito orzamentario nas contías necesarias para a execución do contrato para o exercizo 2016 e seguintes.

2º.- Tramitación regulamentaria do expediente.

3º.- Acordo da Xunta de Goberno Local núm.7/175 na sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2016, polo que aproba entre outros:

**“PRIMEIRO.- Adjudicar á mercantil VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA S.L (C.I.F. B-85621159) no procedemento aberto convocado para a CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LUGO. (EXP. REF. 36-2015), á vista dos criterios de adjudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas, dos que resulta a oferta economicamente máis vantaxosa consistente en:**

- Prezo/hora de servizo ordinario :  
13,64 € sen IVE / 0,55 € (4% IVE) / total 14,19 € IVE incluído.
- Prezo/hora de servizo extraordinario:  
13,88 € sen IVE / 0,56 € (4% IVE) / total 14,44 € IVE incluído.

Así como os seguintes servizos complementarios sen custo que propón na súa oferta:

- 1.- Servizo de fisioterapia a domicilio: 200 anuais
- 2.- Servizo de podoloxía a domicilio: 200 anuais
- 3.- Servizos de acompañamento: 150 anuais

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cal

Refª: 19x020070016

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-1-2019

4.-Servizos de limpeza: 150 anuais

5.-Oferta de axudas técnicas :

- Grúas de mobilización persoal: 15
- Camas articuladas: 15

O prezo total para do contrato para a anualidade 2016 ascende a cantidade de 2.111.672,96 euros + 4% IVE (84.466,91 euros) o que supón un total de 2.196.139,87 euros IVE incluído que, con cargo á aplicación 23182.22799 do orzamento municipal para o ano 2016 (RC-9494/16, CP: 162318201).

...”

4º.- Contrato relativo á prestación do **SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LUGO. (EXP. REF. 36-2015)** asinado entre o Concello de Lugo e a empresa adxudicataria **VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA S.L** con data 25 de abril de 2016, no que na súa cláusula terceira se sinala entre outros: “...a duración do contrato será de DOUS ANOS contados dende a data de sinatura da acta de inicio do contrato, podendo ser prorrogable por períodos máximos anuais por acordo do órgano de contratación, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS.

O prazo para a sinatura da acta de inicio será como máximo de quince días hábiles dende a data de formalización do contrato...”

5º.- Acta de inicio de prestación do servizo na que se establece como data de inicio do servizo o día **03-05-2016.**

6º.- Acordo da Xunta de Goberno Local número 7/774 celebrada o día 13/12/2017, no que se aproba entre outros:

“**PRIMEIRO.** Aprobar definitivamente o expediente de modificación prevista do contrato administrativo correspondente ó **SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR no Concello de Lugo** asinado entre o Concello de Lugo e a empresa **VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA S.A** con data 25 de abril de 2016 incrementando o número de horas de atención en 8.854 horas máis de prestación do servizo quedando o prezo anual do contrato en 2.322.110,14 euros IVE incluído conforme o establecido no informe da xefa de servizo de servizos sociais anteriormente reproducido e cos mesmos prezos unitarios ofertados....”

7º.- Documento administrativo de formalización da modificación do contrato administrativo correspondente ao servizo de axuda no fogar no concello de Lugo. (exp. ref. 36-2015) asinado con data do 24/01/2018.

8º.- Acordo da Xunta de Goberno Local número 18/217 celebrada o día 25/04/2018, no que se aproba entre outros:

“**PRIMEIRO.-** Prorrogar o contrato administrativo subscrito por este Concello e a mercantil **VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA S.L (N.I.F. B-85621159)** adxudicataria do **CONTRATO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LUGO. (EXP. REF. 36-2015)** por un período de 4 meses comprendido dende o

03/05/2018 ata o 02.09.2018 ou período inferior no caso de dispor de nova empresa adxudicataria, en base aos informes técnicos e xurídicos anteriormente mencionados e que se dan por transcritos a efectos da súa fundamentación, con estricta suxeición ao prego de condicións técnicas e económico administrativas particulares aprobados pola Administración municipal, contrato suscrito e demais documentos contractuais.”

9º.- Acordo da Xunta de Goberno Local número 11/486 celebrada o día 22/08/2018, no que se aproba entre outros:

“**PRIMEIRO.-** Prorrogar o contrato administrativo suscrito por este Concello e a mercantil **VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA S.L (N.I.F. B-85621159)** adxudicataria do **CONTRATO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LUGO. (EXP. REF. 36-2015)** por un período de UN MES comprendido dende o 03.09.2018 ata o 02.10.2018, en base aos informes técnicos e xurídicos anteriormente mencionados e que se dan por transcritos a efectos da súa fundamentación, con estricta suxeición ao prego de condicións técnicas e económico administrativas particulares aprobados pola Administración municipal, contrato suscrito e demais documentos contractuais.”

10º.- Acordo da Xunta de Goberno Local número 13/557 celebrada o día 03/10/2018, no que se aproba entre outros:

“**PRIMEIRO.-** Prorrogar o contrato administrativo suscrito por este Concello e a mercantil **VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA S.L (N.I.F. B-85621159)** adxudicataria do **CONTRATO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LUGO. (EXP. REF. 36-2015)** por un período de UN MES E MEDIO comprendido dende o 03.10.2018 ata o 17.11.2018, en base aos informes técnicos e xurídicos anteriormente mencionados e que se dan por transcritos a efectos da súa fundamentación, con estricta suxeición ao prego de condicións técnicas e económico administrativas particulares aprobados pola Administración municipal, contrato suscrito e demais documentos contractuais.”

11º.- Acordo do Pleno número 5/170 en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 2018, no que se aproba entre outro:

“**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito (1/2018) co seguinte detalle:

**ESTADO DE GASTOS**

Aplicación Orzamentaria	Denominación	Importe
23182.22799	Outros traballos realiz. p/outras empresas e prof.	369.059,00 €
23179.48901	Outras transferencias a familias e institucións sen fins	150.000,00 €

**ESTADO DE INGRESOS.Financiamento:**

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cal

Refª: 19x020070016

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-1-2019

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	519.059,00 €

SEGUNDO.- *Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de QUINCE DÍAS, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas”.*

12º.- Anuncio de exposición pública no BOP do acordo plenario sinalado na alínea anterior en data do 15/11/2018

13º.-Informe da xefa dos Servicios Sociais Municipais de data do 30/11/2018, co seguinte teor:

**“INFORME -PROPOSTA REFERENTE Á PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LUGO**

ANTECEDENTES DE FEITO

**Primeiro.-** O establecido na cláusula terceira, do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LUGO (EXP. REF 36-2015).

**“TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO**

O prazo de execución do servizo será de DOUS ANOS contados dende a data de sinatura da acta de inicio do contrato, podendo ser prorrogable por períodos máximos anuais por acordo do órgano de contratación, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS.

O prazo para a sinatura da acta de inicio será como máximo de quince días hábiles dende a data de formalización do contrato.

Indicar que conforme a documentación obrante no expediente consta acta de inicio asinada con data 02-05-2016.

**Segundo.-** Ante a manifestación da actual empresa adxudicataria, de non continuar a prestar o servizo, renunciando á posibilidade de prórroga do contrato asinado polo período máximo establecido, contando coa vontade de colaboración da adxudicataria VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA SL, tramitouse unha prórroga, acordo da Xunta de Goberno Local 18/2017, de data 25-04-2018, por un período máximo de 4 meses, comprendido entre o 03/05/2018 ata o

4

02/09/2018, entendendo que dito prazo sería suficiente para dispor dunha nova adxudicataria.

**Terceiro.-** Acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día vinte e cinco de abril de dous mil dezaoitto, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

18/217 PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LUGO. (EXP. REF. 36-2015) POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 4 MESES COMPRENDIDO ENTRE O 03/05/2018 ATA O 02/09/2018.

11/486 PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LUGO. (EXPDTE REF:36-2015) POR UN PERÍODO MÁXIMO DE UN MES COMPRENDIDO ENRE O 03/09/2018 ATA O 02/10/2018

13/557 PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LUGO. (EXP. REF. 36-2015) POR UN PERÍODO MÁXIMO DUN MES E MEDIO, COMPRENDIDO ENTRE O 03/10/2018 E O 17/11/2018.-

**Cuarto.-** Modificación orzamentaria obrante no expediente, suplemento de crédito, adoptado en sesión plenaria celebrada o día 25 de outubro de 2018 e no se acorda, entre outros, incrementar por importe de 369.059,00 € a partida 23182.22799.

#### CONSIDERACIÓNS

Única.- Visto o remate da prórroga actual (17/11/2018), con independencia de que dende este Servizo de Servizos Sociais se está a impulsar de xeito firme o expediente polo que se tramita o novo proceso de licitación, na actualidade non está formalizada a nova adxudicación, pregos aprobados en Xunta de Goberno Local de data 21-11-2018.

Ante a dita situación e dada a complexidade do servizo que se presta, en particular, dado que conforme a convenio colectivo procede a subrogación do persoal vinculado ao dito contrato, unido ao número de persoas beneficiarias, máis de 400 persoas, que non tramitar a correspondente prórroga ( medida posible conforme aos pregos), conlevará reparos de legalidade e que o servizo que se está a prestar por VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA SL se está a realizar de forma satisfactoria para as persoas usuarias e para o Concello de Lugo, dende esta Área de benestar social PROPONSE:

**ÚNICO.-** Iniciar os trámites para proceder á prórroga do contrato asinado coa mercantil VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA SL e referente á prestación do Servizo de Axuda no Fogar , por un período comprendido entre o 18-11-2018 ao 31-01-2019, estimándose que con dita data xa se disporá de adxudicataria resultante do novo proceso de licitación.

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cal

Refª: 19x020070016

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-1-2019

No referente á consignación que permita a dita prórroga indicar que se levou a cabo modificación orzamentaria, suplemento de crédito, adoptado en sesión plenaria celebrada o día 25 de outubro de 2018 e no se acorda, entre outros, incrementar por importe de 369.059,00 € a partida 23182.22799, con compromiso de consignación no referente ao ano 2019.

Nota; Prégase se leve a cabo a dita tramitación de xeito que a data na que se entende aprobado definitivamente dito suplemento , 15 días hábiles dende a publicación, data publicación 15/11/2018, este todo disposto para a aprobación por parte da Xunta de Goberno Local da dita prórroga, todo isto aos efectos de evitar os correspondentes reparos de legalidade.

Dáse traslado ao Servizo de Contratación aos efectos da tramitación da correspondente prórroga.”

14º.- Informe da xefa de servizo de servizos sociais de data 30 de novembro de 2018:

“ASUNTO.- EXECUCIÓN MELLORAS

Coa finalidade de tramitar prórroga correspondente ao Servizo de Axuda no Fogar, dende 18-11-2018 ata 31-01-2019, sendo obrigado velar polo cumprimento das melloras ofertadas e executadas, emítase informe en relación ás melloras executadas .

ANTECEDENTES DE FEITO

ÚNICO.- Conforme a documentación obrante no expediente as melloras ofertadas, tras proposta de modificación realizada, son as seguintes:

Servizo de fisioterapia a domicilio: 336 ( cada servicio será equivalente a unha hora de prestación)

Servizo de podoloxía a domicilio: 200 ( cada servicio será equivalente a unha hora de prestación)

Servizos de acompañamento: 150

Servizos de limpeza: 150

Oferta de axudas técnicas:

Grúas de mobilización persoal: 10

Camas articuladas: 9

CONSIDERACIÓN

6

*Realizada comprobación da execución das melloras ofertadas informar que se realizaron, aproximadamente, as seguintes melloras, período 01-01-2018 a 31-10-2018:*

*Fisioterapia 640 sesións de media hora (320 servizos/horas de prestación)*

*podoloxía 132 servizos de media hora( 66 servizos/horas de prestación)*

*acompañamentos 66,63 horas*

*limpezas 53 horas*

*axudas técnicas*

*grúas; 9 entregadas*

*camas; 1*

*andador: 1*

#### CONCLUSIÓN

*En relación ás melloras realizadas deberá terse en conta que se refieren a un prazo inferior a 1 ano e que ,conforme a prórroga vixente, as melloras ofertadas son requeridas á empresa conforme son demandadas polas persoas usuarias polo que se entende que o grado de execución das mesmas é axeitado e así se informa aos efectos de tramitación da correspondente prórroga.*

*É canto procede informar ”*

14º.- Decreto número 18010495 asinado o día 13/12/2018 do Libro Único de Resolucións polo que se aproba entre outros: Tomar razón do cambio de denominación social da empresa chamada: ata de agora “VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA, S.L”, que pasa a denominarse de aquí en adiante “SACYR SOCIAL, SL” ós efectos de seguir tramitando o expediente e executando o contrato asinado no seu día.

15º.- Certificado da Tesourería Municipal de data 13 de decembro de 2018 de non existencia de débedas tributarias por parte da mercantil VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA S.L. (SACYR SOCIAL, S.L.).

16º.- Certificación de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias coa Agencia Estatal da Administración Tributaria.

17º.- Certificación de atoparse ó corrente coas obrigas coa Seguridade Social.

18º.- Certificación da Tesourería Municipal de data 13.12.18 de existencia de crédito na aplicación 23182.22799 RC 123833 por importe de 369.059 euros.

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cal

Refª: 19x020070016

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-1-2019

19º.- Informe de fiscalización nº 4/2019 de 03.01.19 polo que se devolve o expediente aos efectos de consignar o importe estimado para mes e medio de prórroga con cargo ao Orzamento vixente prorrogado ao non aprobarse esta prórroga no exercizo 2018.

20º.- Certificación da Tesourería Municipal dedata 04.01.2019 data de existencia de crédito na aplicación 23182.22799 RC 1393/2019 por importe de 369.059 euros.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público ( TRLCSP)
- Real Decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve a Lei 30/2007.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014 sobre contratación pública.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA.** Conforme ao disposto no artigo 23 do TRLCSP, "2. *O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e que a concorrência para a súa adxudicación fora realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga.*

*A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevexa o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes."*

Neste sentido a cláusula terceira do prego de cláusulas administrativas que rexe no contrato de referencia establece que "O prazo de execución do servizo será de DOUS ANOS contados dende a data de sinatura da acta de inicio do contrato, podendo ser prorrogable por períodos máximos anuais por acordo do órgano de contratación, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS."

8



Este contrato correspondente ao SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LUGO. (EXP. REF. 36-2015) foi formalizado con data do 25 de abril de 2016 e con efectos segundo se reflicte na acta de inicio da prestación do 03/05/2016 polo que é prorrogable.

Cabe sinalar que a empresa adxudicataria manifestou a súa intención de non continuar a prestación do servizo renunciado á posibilidade de prórroga do contrato asinado polo período máximo establecido, pero o informe de la Xefa de Servicios Sociais pon de manifesto que:

*“Única.- Visto o remate da prórroga actual ( 17/11//2018), con independencia de que dende este Servizo de Servizos Sociais se está a impulsar de xeito firme o expediente polo que se tramita o novo proceso de licitación, na actualidade non está formalizada a nova adxudicación, ante a dita situación e dada a complexidade do servizo que se presta, en particular, dado que conforme a convenio colectivo procede a subrogación do persoal vinculado ao dito contrato, unido ao número de persoas beneficiarias, máis de 400 persoas, que non tramitar a correspondente prórroga ( medida posible conforme aos pregos), conlevará reparos de legalidade e que o servizo que se está a prestar por VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA SL se está a realizar de forma satisfactoria para as persoas usuarias e para o Concello de Lugo, dende esta Área de benestar social PROPONSE:*

*Iniciar os trámites para proceder á prórroga do contrato asinado coa mercantil VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA SL e referente á prestación do Servizo de Axuda no Fogar por un período máximo comprendido entre o 18/11/2018 e o 31/01/2019. “*

Cómpre salientar que este expediente de prórroga non foi tramitado de xeito adecuado xa que o acordo debía terse adoptado con anterioridade ao remate da última prórroga (17.11.18) se ben consta no expediente informe da responsable do contrato explicativo das incidencias xurdidas na tramitación da prórroga, en particular a falta de consignación que fixo necesaria a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria.

Así pois, a decisión sobre a prórroga do contrato, de adoptarse polo órgano municipal competente, se realizará unha vez vencido o dito contrato.

Non obstante, compre realizar unha reflexión de en qué medida este defecto formal consistente – para o caso de adoptarse a prórroga fóra do prazo - nunha actuación fóra do prazo pode implicar un vicio que invalidaría o acto administrativo. O artigo 63.3 da LRXPAC establece “A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo”.

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cal

Refª: 19x020070016

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-1-2019

**Sendo evidente o interese municipal e particular en continuar a prestación deste servizo manifestada nos informes emitidos, e o estado de tramitación do expediente para a formalización dun novo contrato,** parece excesivamente rigorista - a xuízo do que subscribe- concluir que esta prórroga puidera ser irregular. Hai que salientar así mesmo que o servizo actualmente segue a prestarse e as facturas presentadas son obxecto de reparo de legalidade ao estar fóra de cobertura contractual polo que sería conveniente regularizar esta situación; todo esto sen prexuízo doutro mellor criterio contrario.

Así o entendeu a Xunta Consultiva da Comunidade Autónoma de Aragón en informe 11/2011 que, entre outras cuestións, dí:

**“VI. Consecuencias jurídicas de adjudicar el contrato, una vez transcurrido el plazo de los cinco días a que se refiere el artículo 135.3 LCSP.**

*La regla general es que, la infracción por la Administración de los plazos establecidos en las normas, no constituye más que una **irregularidad no invalidante**. En este sentido, el artículo 63.3 LRJPAC establece que: «La realización de actuaciones administrativas, fuera del tiempo establecido para ellas, sólo implicará la anulabilidad del acto, cuando así lo imponga la naturaleza del término o plazo». La misma regla, se aplica a las actuaciones judiciales realizadas fuera de tiempo, que sólo podrán anularse si lo impusiera la naturaleza del término o plazo —artículo 242 de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial, y artículo 229 de la Ley 1/2000, de 7 de enero, de Enjuiciamiento Civil—.*

*La potestad de adjudicación del contrato no se halla sometida a ningún tipo de plazo preclusivo, o régimen de caducidad, por ello, el transcurso del plazo de su ejercicio no implica la invalidez de su actuación.*

*El plazo que fija el artículo 135.3 LCSP, no es un plazo esencial, pues **concorre un interés público más intenso —la satisfacción del concreto interés público al que se dirige la prestación que constituye el objeto del contrato—, que justifica que el tiempo —el plazo de cinco días hábiles—, no comporte relevancia alguna en el ejercicio de la potestad administrativa, pues, en otro caso, podrían quedar afectados los intereses generales a los que sirve la potestad de contratación. Sin perjuicio del derecho de los licitadores a retirar su proposición si no se produce la adjudicación, en la forma prevista en el artículo 145.4 LCSP.**”*

Procede tramitar e acordar a prórroga conforme o solicitado e proposto pola xefa de servizo de servizos sociais.

**SEGUNDA.-** En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as

contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual, sen prexuízo das delegacións de competencias que puideran corresponder.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle confire a o apartado 3 da disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real decreto legislativo número 3/2011, do 14 de novembro, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Prorrogar o contrato administrativo suscrito por este Concello e a mercantil **SACYR SOCIAL, S.L (N.I.F. B-85621159)** adxudicataria do **CONTRATO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LUGO. (EXP. REF. 36-2015)** por un período comprendido dende o 18.11.2018 ata o 30.01.2019, en base aos informes técnicos e xurídicos anteriormente mencionados e que se dan por transcritos a efectos da súa fundamentación, con estricte suxeición ao prego de condicións técnicas e económico administrativas particulares aprobados pola Administración municipal, contrato suscrito e demais documentos contractuais.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 369.059,00 euros para facer fronte á prorroga dende o 18/11/2018 ata o 30/01/2019 con cargo á aplicación 23182.22799 do Orzamento Municipal vixente (RC 1393/2019).

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ás partes interesadas e demais dependencias municipais afectadas.

CUARTO.- Este acordo, que pon fin á vía administrativa, seralles notificado ás partes interesadas, así como ás dependencias municipais afectadas, coa indicación de que contra él caberá a interposición dos seguintes recursos:

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cal

Refª: 19x020070016

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-1-2019

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común ante a Xunta de Goberno Local no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**